



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

A Xunta de Goberno informa

O Colexio de Biólogos de Galicia adaptará a súa actividade conforme á especial situación creada pola epidemia do coronavirus, de xeito que **a oficina estará pechada as dúas próximas semanas (do 16 ao 30 de marzo) e o traballo farase telemáticamente.** A atención será polo tanto vía correo electrónico e manteremos no posible o envío dos boletíns informativos que correspondan neste lapso de tempo. É posible pois que esto ralentice algunhas actividades, respostas a consultas..., que esperamos comprendades.

Ante esta coxuntura inédita de compromiso da saúde pública, animávosvos a cumprir exactamente as instrucións ao respecto das autoridades sanitarias e exercer rigurosamente a responsabilidade persoal, axudando no posible a transmisión de información veraz, reducindo ao máximo a vida social, cancelando viaxes que non sexan necesarios, festas ou celebracións, non acumulando produtos sanitarios nin comida..., para que o episodio sexa o menos traumático e o máis breve posible.

Os biólogos de Galicia debemos dar exemplo de rigor, científico e profesional!

#EuFreoACurva

#EuQuedomeNaCasa